



>NOTA DE PRENSA

Mostrart, a feira de artesanía da Coruña, renova un 40% dos expositores na súa segunda semana

A partir do luns día 11 de agosto, a feira Mostrart acollerá a 18 novos expositores, que ocuparán os stands que deixan libres outros tantos artesáns que participan ata o domingo 12 incluído.

Con este sistema a Asociación Galega de Artesáns consegue a presenza de 64 expositores durante 17 días na mesma feira, permitindo que os visitantes poidan visitar unha feira renovada durante a segunda semana.

Nesta segunda semana chegan a Mostrart novos obradoiros de Galicia, pero tamén de Madrid, Ponferrada, Portugal e Barcelona, nalgún caso que participan por primeira vez na feira.

A feira estase desenvolvendo cunha notable afluencia de público e éxito nas vendas para a maioría dos obradoiros.

Mostrart é un importante punto de venda para os pequenos obradoiros que participan pero, sobre todo, supón un escaparate que fai visible o traballo de decenas de artesáns que traballan durante todo o ano en Galicia, creando emprego estable de alta calidade e produtos autóctonos e auténticos.

Esta é a percepción do público que premia cada ano a presenza dos artesáns nos Xardíns de Méndez Núñez da Coruña. A maior concentración, xunto ca feira do libro e a do comic, de autores e creatividade de todo o ano en Galicia.

Mostrart está organizada pola Asociación Galega de Artesáns, ca colaboura do Concello da Coruña, a Deputación Provincial, a Cámara de Comercio, Industria e Navegación, a Consellería de Innovación e Industria e a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño.

Na páxina, <http://www.mostrart.org> podese acceder o listado dos expositores, con todos os seus datos, páxinas web persoais, galería de fotografías, etc. ou consultar o enlace de Googlemaps para coñecer a localización exacta da feira.

Horario: de 11 a 14 e de 17:30 a 22 h.

A Coruña 8 de agosto 2008

si necesitas calquer información adicional, estamos a vosa disposición:

asociacion@galegadeartesans.org

T **981 293 688** (de 9 a 14 h) · M **609 252 865** (Manuel González)

www.galegadeartesans.org